



Bases para a selección do alumnado-traballador/a e persoal do Obradoiro de Emprego "CONECTA2018"

O obradoiro de emprego reflectido é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade de persoas desempregadas. O dito programa está subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, cofinanciado polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social e promovido polo **Concello de Santa Comba xunto cos concellos de Mazaricos e Dumbría**

Impartiranse as especialidades coa distribución que se detalla:

Alumnos/as traballadores/as : 20 coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Santa Comba : 8
- Concello de Mazaricos : 6
- Concello de Dumbría : 6

Códigos das especialidades:

ELEE0109 Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión

SSCM0108 Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais

Neste obradoiro están previstas as seguintes actuacións :

- 1.- **Montaxe e mantemento de instalación eléctrica interior no Centro de formación-Escola obradoiro (SC)**
- 2.- **Limpeza de superficies e mobiliario na Casa da cultura de Santa Comba (SC)**
- 3.- **Limpeza de superficies e mobiliario en Pavillón de Trava (SC)**
- 4.- **Limpeza de superficies e mobiliario nas instalacións deportivas de Fontenla-pavillón de Fontenla (SC)**
- 5.- **Limpeza de superficies e mobiliario no edificio Servicios sociais-vivienda comunitaria (SC)**
- 6.- **Limpeza de superficies e mobiliario no Centro integrado de formación Terra de Xallas-Edificios multiusos (SC)**
- 7.- **Limpeza de superficies e mobiliario no CMF-Escola obradoiro (SC)**
- 8.- **Actuacións no sistema eléctrico no campo de fútbol de Mazaricos (M)**
- 9.- **Actuacións no sistema eléctrico na Casa do Concello de Mazaricos (M)**
- 10.- **Actuacións no sistema eléctrico na Casa da cultura de Mazaricos (M)**
- 11.- **Actuacións no sistema eléctrico no Edificio multiusos de Mazaricos (M)**
- 12.- **Instalación do novo alumeado público no Lugar de Lago (M)**



- 13.- Actuacións no sistema eléctrico na Piscina Municipal de Mazaricos (M)
- 14.- Actuacións no sistema eléctrico no Polideportivo de Mazaricos (M)
- 15.- Instalación de alumado público na rúa Castelao (M)
- 16.- Limpeza de superficies e mobiliario na Casa do Concello de Mazaricos (M)
- 17.- Limpeza de superficies e mobiliario na Casa da cultura de Mazaricos (M)
- 18.- Limpeza de superficies e mobiliario no edificio multiusoso de Mazaricos (M)
- 19.- Limpeza de superficies e mobiliario na Piscina Municipal de Mazaricos (M)
- 20.- Limpeza de superficies e mobiliario no Polideportivo de Mazaricos (M)
- 21.- Limpeza de superficies e mobiliario no campo de fútbol de Mazaricos (M)
- 22.- Instalación de cableado e luminarias na Praza da Igrexa de Olveira (D)
- 23.- Instalación de cableado e luminarias no núcleo rural de Olveiroa (D)
- 24.- Actuación na instalación eléctrica no Paseo do Ézaro (D)
- 25.- Actuacións na instalación eléctrica na senda peonil de Berdeogas (D)
- 26.- Actuacións na instalación eléctrica na senda peonil de Bustelo (D)
- 27.- Limpeza de superficies e mobiliario no Polideportivo de Dumbría (D)

O obradoiro terá unha duración de 9 meses, e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. Serán contratados baixo a modalidade de "Contrato para a formación e o aprendizaxe", desenvolto segundo a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que tamén se establecen as bases da formación profesional dual. Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

A data límite prevista para o seu inicio será a autorizada pola Xefatura Territorial da Coruña segundo se prevé na Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, publicada no Diario Oficial de Galicia, nº 97, do 23 de maio de 2018.

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- **1 director/a** (xornada completa)
- **Mestres de especialidade**
 - Para impartir a especialidade ELEE0109 Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión, 1 mestre (xornada completa)



- Para impartir a especialidade SSCM0108 Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais, 1 mestre (xornada completa)
- **Para impartir a formación complementaria**
 - 1 titor/a e mestre/a de ensino básico (50% da xornada)
- **1 auxiliar administrativo** (50% da xornada)

Unha vez analizada a normativa exposta, o sistema de selección fundamentarase nos procedementos que se indican a continuación.

Grupo de traballo mixto

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas, dúas en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña e dúas en representación dos concellos participantes. A presidencia recaerá nunha das persoas que actúen en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de traballo mixto, calquera compoñente non puidera acudir, poderá ser substituído por quen designen dende a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña ou a entidade promotora, segundo sexa o caso. Nembargantes, o grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos compoñentes.

As decisións serán consideradas válidas cando se adopten, cando menos, por maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais, a persoa designada como presidente disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

As reunións do Grupo de traballo mixto recolleranse nas actas correspondentes.

Procedementos de selección

ALUMNADO-TRABALLADOR NO OBRADOIRO

Unha aprobadas as bases, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na Oficina de emprego de Carballo. Dita oficina fará unha selección previa, a ser posible, de tres persoas por posto. Posteriormente, e tras a aplicación do baremo establecido no anexo I, que avalía as circunstancias persoais e profesionais das candidaturas, o Grupo mixto fará a selección definitiva.

Características da oferta

Sistema de selección: Oferta tipo T (Taller de emprego)



Localidade: Ámbito dos Concellos de Santa Comba, Mazaricos e Dumbría. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase a concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible. Entre demandantes de emprego co código 320 "Escola Taller"; 340, "Obradoiros de emprego" ou 370, "Formación ocupacional".

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 4 de maio de 2018, (DOG núm 97, do 23 de maio de 2018), segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso que figuran sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación 2 (art. 11.2 d).

O grupo de traballo mixto dará preferencia ás persoas candidatas que non tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

Non se incluírá no proceso selectivo quen teña os Certificados de Profesionalidade contemplados neste obradoiro.


Xestión definitiva da selección

Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta resultado da selección e a remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

O grupo de traballo mixto, determinará o medio polo que se comunicará aos/ás candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa que acheguen para que sexa baremada, cuxa relación figura no anexo I.

A non presentación de documentación xustificativa nos apartados nos que poida puntuarse, suporá que se lle adxudiquen 0 puntos nese apartado.

3   4



PERSOAL PARA XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO

A entidade promotora presentará as correspondentes ofertas de emprego (unha por tipo de posto) na Oficina de emprego de Carballo para a obtención das candidaturas a avaliar. Como resultado das ofertas presentaranse, de seren posible, ata 5 por cada un dos postos para a súa avaliación.

Nas ditas ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas a os baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atope en situación de desemprego (artigo 12.4).

O ámbito da sondaxe será o dos Concellos de Santa Comba, Mazaricos e Dumbria, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidaturas suficientes, a outros concellos do ámbito territorial das oficinas de emprego a que pertencen os concellos promotores, segundo o sistema de xestión de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A oficina de emprego comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificaran co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - Traballo por conta allea: Vida laboral expedida pola TGSS e contratos laborais correspondentes para o contraste coa vida laboral. Computaranse as horas efectivas traballadas. Na ausencia de contratos de traballo, poderá xustificarse a ocupación desenvolvida con certificados de empresa ou calquera documento válido en dereito no que apareza indicada a mesma
 - Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto coa vida laboral. No caso de non estar obrigados, documento que lles exima da obriga de cotizar ou calquera documento válido en dereito que se considere suficiente por parte do Grupo mixto.
 - Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

Tendo en conta a dificultade da coordinación do Grupo de traballo mixto pola premura do tempo de xestión, este grupo decide que as fases de valoración de méritos e a entrevista persoal sexan realizadas nun único acto, xestionándose así



directamente todas as candidaturas na fase da entrevista, non prexudicando polo tanto esta decisión a ningunha delas.

Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios **da oficina de emprego de Carballo e das oficinas de emprego de Santiago Norte e de Cee** (por seren as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos), así como nas páxinas web das entidades promotoras.

Incompatibilidade

O persoal directivo, docente e administrativo de apoio, que tendo sido contratado ao abrigo da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (DOG núm 97, do 23 de maio de 2018), causara baixa voluntaria no mesmo, estará excluído da participación do proceso de selección recollido nas presentes bases.

Carballo, 20 de setembro de 2018

*Pola Consellería de Emprego e Industria
Oficina de Emprego de Carballo*

Benigno Lubián Dubra

32451878M

Consuelo Rodríguez Mariño

52435460Z

*Polas Entidades promotoras
Concellos de Santa Comba e Dumbria*

Tomé M. Freire Blanco
(Polo Concello de Dumbria)

33277431L

Luz María Vieito Díaz
(Polo Concello de Sta Comba)

33299406Y



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

Funcións

Encargarse da coordinación xeral do obradoiro de emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresariado.

Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante o Concello de Santa Comba as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar na inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
9. Exercerá as funcións de coordinación das obras do proxecto.
10. Impartirá os módulos de xestión empresarial e iniciación á informática en coordinación coa titoría.

O contrato será a xornada completa.

Requisitos

Titulación mínima esixida: Grao en Relacións laborais, Empresariais, Dereito, Políticas ou Psicoloxía.



Experiencia profesional mínima: 12 meses en ocupacións relacionadas co traballo a desenvolver.

Valoración do currículo

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada á requirida :

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos

- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimos" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **9 puntos**.

Cursos realizados

Valoraranse unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán.

A puntuación máxima que se pode acadar son **2 puntos**.



Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.


Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002 :

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- *O maior tempo acreditado como desempregado*
- 2.- *A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado*
- 3.- *A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- 4.- *A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente*
- 5.- *A puntuación correspondente ás titulacións universitarias*
- 6.- *A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego*
- 7.- *A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.*



BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRE/A DA ESPECIALIDADE ELEE0109 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE BAIXA TENSIÓN

Funcións

A persoa seleccionada encargárase de impartir a educación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre/a da súa especialidade nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado 1 mestre para impartir a especialidade Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión, que se encargará de:

- 1.- Elaborar xunto coa dirección a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- 2.- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas actuacións a executar. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
- 3.- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador, do regulamento de réxime interno (asistencia, puntualidade, actitude...) e das normas de seguridade e saúde en particular.
- 4.- Notificará á dirección do obradoiro as incidencias das que teña coñecemento.
- 5.- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- 6.- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- 7.- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado-traballador.

O contrato será a xornada completa

Requisitos

Nivel académico: O establecido polo Real Decreto 683/2011, de 13 de mayo, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade (BOE núm. 137 de 09 de xuño de 2011), na redacción dada polo Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo (B.O.E núm 69 do 21 de marzo de 2013).

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo ou, de ser o caso, da experiencia mínima esixida para impartir docencia nos certificados de profesionalidade.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se baremará.

A puntuación máxima é de **1 punto**.


Cursos de formación

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto

2

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

Cando se teña en conta algún curso para acreditar a competencia docente esixida no artigo 13 do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, (B.O.E núm. 27 do 31/01/2008), na redacción dada polo Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo (B.O.E núm 69 do 21 de marzo de 2013), non se puntuará ese mesmo curso neste apartado como mérito adicional.

A puntuación máxima é **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002:

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- O maior tempo acreditado como desempleado
- 2.- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- 3.- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- 4.- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- 5.- A puntuación correspondente ás titulacións universitarias
- 6.- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- 7.- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.



BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRE/A DA ESPECIALIDADE SSCM0108 LIMPEZA DE SUPERFICIES E MOBILIARIO EN EDIFICIOS E LOCAIS

Funcións

A persoa seleccionada encargárase de impartir a educación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre/a da súa especialidade nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado 1 mestre para impartir a especialidade Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais, que se encargará de:

- 1.- Elaborar xunto coa dirección a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- 2.- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas actuacións a executar. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
- 3.- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador, do regulamento de réxime interno (asistencia, puntualidade, actitude...) e das normas de seguridade e saúde en particular.
- 4.- Notificará á dirección do obradoiro as incidencias das que teña coñecemento.
- 5.- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- 6.- Cursará á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- 7.- Contribuirá á orientación profesional e laboral do alumnado-traballador.

O contrato será a xornada completa

Requisitos

Nivel académico: O establecido no Real Decreto 1378/2009, de 28 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade (BOE núm. 224 de 16 de Setembro de 2009), na redacción dada polo Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo (B.O.E núm 69 do 21 de marzo de 2013).


A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.



- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo ou, de ser o caso, da experiencia mínima esixida para impartir docencia nos certificados de profesionalidade..

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se baremará.

A puntuación máxima é de **1 punto**.

Cursos de formación

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P, ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto



Cando se teña en conta algún curso para acreditar a competencia docente esixida no artigo 13 do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, (B.O.E núm. 27 do 31/01/2008), na redacción dada polo Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo (B.O.E núm 69 do 21 de marzo de 2013), non se puntuará ese mesmo curso neste apartado como mérito adicional.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecemento do idioma galego

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002:

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- O maior tempo acreditado como desempleado
- 2.- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- 3.- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- 4.- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- 5.- A puntuación correspondente ás titulacións universitarias
- 6.- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- 7.- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DE TITOR/A E MESTRE/A DE ENSINO BÁSICO

Funcións

Realizará labores de tutoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargárase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de Educación Secundaria Obrigatoria. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica

- 1.- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- 2.- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- 3.- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- 4.- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- 5.- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- 6.- Seguimento do alumnado e tutorías individuais ou grupais co alumnado
- 7.- Impartir o Módulo transversal de igualdade
- 8.- Impartir orientación e inserción laboral do alumnado durante o proxecto (en coordinación coa dirección do obradoiro)
- 9.- Impartir coñecementos de informática (en coordinación coa dirección do obradoiro).

O contrato será a media xornada.

Requisitos

Nivel académico: Grao en Mestre/a de educación primaria ou titulación equivalente.

Experiencia profesional: 12 meses na ocupación.

Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.

3

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se baremará.

A puntuación máxima é de **1 punto**.

Cursos de formación

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecemento do idioma galego

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

3

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrucción décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002:

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- O maior tempo acreditado como desempleado
- 2.- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- 3.- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- 4.- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- 5.- A puntuación correspondente ás titulacións universitarias
- 6.- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- 7.- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

Funcións

Encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- 1.- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- 2.- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- 3.- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- 4.- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- 5.- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- 6.- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- 7.- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

O contrato será a media xornada

Requisitos

Titulación: Técnico en Xestión administrativa ou Técnico superior en Administración e finanzas ou equivalentes, Certificado de profesionalidade ADGD0108, Gestión contable e gestión administrativa para auditoría.

Experiencia profesional: 12 meses na ocupación.

Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.



Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" irindicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se baremará.

A puntuación máxima é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.


Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No





caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002:

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous o máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, estarase a os seguintes criterios:

- 1.- O maior tempo acreditado como desempregado
- 2.- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- 3.- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- 4.- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- 5.- A puntuación correspondente ás titulacións universitarias
- 6.- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- 7.- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

*Pola Consellería de Emprego e Industria
 Oficina de Emprego de Carballo*

*Pola Entidade promotora
 Concellos de Santa Comba e Dumbría*

Benigno Lubián Dubra

Consuelo Rodríguez Mariño

Tomé M. Freire Blanco
 (Polo Concello de Dumbría)

Luz María Vieito Díaz
 (Polo Concello de Sta Comba)

32451878M

52435460Z

33277431L

33299406Y



ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

En xeral	1 punto
----------	---------

2.- IDADE

18 - 29 anos	4 puntos
30 - 44 anos	1 punto
45 ou máis	3 puntos

3.- DISCAPACIDADE

Minusvalía > 33 %	1 punto
-------------------	---------

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO (xustificante: certificación ou resolución do Servizo Público de Empleo Estatal, ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia)

Perceptores de desemprego	1 punto
Perceptores de subsidios, RAI, SED	2 puntos
Non perceptores	4 puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (xustificante: vida laboral)

Menos de 12 meses	1 punto
De 12 a 18 meses	2 puntos
Máis de 18 meses	4 puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR (Xustificante: vida laboral)

Autónomos	0 puntos
Grupo de cotización do 1 al 7	0 puntos
Grupo de cotización 8	1 punto
Grupo de cotización 9	2 puntos
Grupo de cotización 10	3 puntos
Sen emprego anterior	4 puntos

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Xustificación: certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social)

Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou	1 punto
---	---------



persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social	
---	--

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA (Xustificación: título académico, certificación académica ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia)

Ata graduado en ESO	3 puntos
Bacharelato/BUP e Ciclo Medio de Formación Profesional	2 puntos
Títulos universitarios e Ciclo Superior de Formación Profesional	1 punto

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao conxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella) Xustificación: libro de familia ou certificado de convivencia do Concello ou calquera outro documento válido en dereito.

Unidade familiar de 4 ou máis membros	1 punto
Monoparental con fillo/s	1 punto

10.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (documento asinado co orientador/a laboral ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta)	2 puntos
Por estar empadroadado nun dos concellos promotores do obradoiro (Xustificación: documento acreditativo de empadramento)	5 puntos

11.- ENTREVISTA

Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo	Ata 11 puntos
--	---------------

As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.

Quen non aporte ningún documento para a baremación dos apartados 3 a 10 (ambos inclusive) se lle adxudicarán 0 puntos neses apartados.

A documentación que non reflecta a situación real da persoa candidata implicará a súa exclusión do proceso de selección.

3

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

